

INFORME SOBRE O IMPACTO DA OBRIGACIÓN DE DESEMBARQUE DA UNIÓN EUROPEA SOBRE A PESCA ARTESANAL EN GALICIA

Universidade de Santiago de Compostela, Federación Galega de Confrarías de Pescadores

Equipo investigador: Sebastián Villasante, Pablo Pita, Manel Antelo, José Antonio Neira

RESUMO EXECUTIVO

A práctica de descartes ocorre non so debido á pobre selectividade na captura de especies, senón tamén á captura de individuos non maduros, ou á exiguas cotas de captura que se outorgan á pesca artesanal (Villasante et al., 2015). Sen embargo, a comunidade científica prestou escasa atención a la problemática de los descartes en la pesca artesanal (Frangoudes e Bellanger, 2017; Villasante et al., 2018). Iso débese fundamentalmente ao feito constatado de que a magnitude do problema dos descartes estivo concentrada, sobre todo, na pesca industrial, mentres que o descartes na pesca artesanal recibiu menor atención debido a que o volume de descartes soe ser substancialmente menor si se compara coa pesca industrial (Veiga et al., 2017; Villasante et al., 2015, 2016a, 2016b, 2018).

Ata actualidade non se había realizado unha revisión sistemática da evidencia científica sobre a problemática dos descartes na pesca artesanal. Esta revisión serve aos tomadores de decisións para coñecer a magnitude dos descartes neste tipo de pescarías e determinar as accións oportunas. Este informe demostra que no período 1950-2018, so o 21% dos artigos científicos publicados en revistas suxeitas a revisión por pares se concentraron nos descartes na pesca artesanal; mentres que o restante 89% dos estudos se centraron na pesca industrial.

Neste informe tamén demostramos que, ao igual que sucede en gran parte das pescarías artesanais do Atlántico Norte (Kelleher, 2005), a magnitude dos descartes en Galicia nas especies obxecto de interese neste estudio (pescada *Merluccius merluccius*, raias Rajidae e xarda *Scomber scombrus*) é pequena (0-5% do volume total de capturas). Sen embargo, o volume de descartes pode verse incrementado en tanto se esgotan as cotas asignadas á frota, o que contrasta co volume de descartes das especies capturadas pola frota artesanal, xestionadas pola combinación do esforzo e tallas mínimas (Villasante et al., 2015, 2016a, 2016b). Neste sentido, os pescadores entrevistados neste traballo argumentan que a pesca artesanal é unha actividade altamente selectiva e con unha ratio de descartes moito menor á xerada pola pesca industrial.

Por outro lado, o peso da frota artesanal estudiada neste traballo sobre o total das capturas das especies analizadas é relativamente reducido, en comparación co resto das frotas. Así, no período 2007-2015, os distintos segmentos da frota galega descargaron 350 009 t das especies de interese (pescada, raias e xarda), con un valor de venda de 913 M€. No mesmo período, a frota de interese capturou 15 838 t destas especies, con un valor de 41 M€, o que supón un 4.5% das capturas e do valor comercial. A importancia relativa de ambas frotas en relación coas vendas da maior parte das especies de interese é similar: as capturas de pescada da frota de estudio supoñen o 3.7% do total das capturas en Galicia, e o 3.8% do valor de venda, e as

capturas de xarda representan o 3.8% das capturas e o 4.3% do valor de venda. Non obstante, as capturas de raias por parte de la frota de interese supoñen o 20.7% do total comercializado nas lonxas galegas e o 23.7% do seu valor de venda.

Os resultados deste informe indican que o principal incentivo para evitar os descartes radica no cambio do sistema de TACs e cotas que se basea no principio de estabilidade relativa da UE, seguido por accións de promoción da pesca artesanal, e o aumento das excepcións de “*de minimis*”. Respecto aos efectos da OD, o 88% dos pescadores artesanais non observa vantaxes para a pesca artesanal; máis do 60% dos pescadores entrevistados indicaron que a súa posta en práctica vai significar o abandono da actividade de pesca. Grande parte dos pescadores artesanais (85%) non mostran ningunha disposición a aceptar a OD, o que pon de manifesto a ausencia de información e diálogo por parte das autoridades europeas en relación co impacto da OD sobre a pesca artesanal. De cara a incentivar o seu cumprimento, a principal medida recomendada polos pescadores consiste no recoñecemento da excepcionalidade da aplicación dos TACs na pesca artesanal.

No que se refire ao impacto económico e social da OD na pesca artesanal, os resultados deste informe indican que o valor da perda económica sobre a frota de artes menores que captura as especies de interese (pescada, raias e xarda) ascendería a 60 millóns de euros anuais. Esta perda económica directa suporá unha diminución dos impostos que os pescadores artesanais deixarán de pagar, así como a necesidade de aprobar subsidios por desemprego para aos pescadores directamente afectados. Dada a elevada dependencia dos ingresos procedentes das familias nas que traballan pescadores artesanais – integrada por unha media de case 4 persoas-, o impacto sobre o emprego directo afectaría a case 3 000 pescadores artesanais e a máis de 10 800 persoas que compoñen as respectivas unidades familiares ao longo do litoral galego. Quedan excluídos deste informe os efectos inducidos sobre o resto das actividades económicas que proven ou demandan bens e servizos procedentes da pesca artesanal.

Por outro lado, cabe destacar que a situación actual da frota artesanal estudada neste informe experimentou cambios destacados, polo que é esperable que os efectos da OD orixinen un efecto máis grave que sobre outros segmentos da frota galega. Así, a frota de interese sufriu unha importante redución de unidades de pesca (17%) na última década, que se traduciu nunha diminución do esforzo efectivo de pesca en torno ao 10-13% e unha perda de emprego do 20%. Ademais, esta frota captura un porcentaxe moi reducido (4.5%) das principais especies obxectivo, as cales son capturadas maioritariamente por outros segmentos de frota. Por esta razón, o aumento das descargas (21%) e valor comercial (15%) das especies de interese capturadas polos demais segmentos da frota galegas, apenas beneficiou á frota artesanal de menores.

Referencias

- Frangoudes, K., & Bellanger, M. (2017) Fishers' opinions on marketization of property rights and the quota system in France. *Marine Policy*, 80, 107–112.
- Kelleher, K. (2005) Discards in the world's marine fisheries. An update. FAO Fisheries Technical Paper Nº 470, Rome, FAO, 131 p.

- Veiga, P., Pita, C., Rangel, M., Gonçalves, J.M., Campos, A., Fernandes, P. et al. (2016) The EU landing obligation and European small-scale fisheries: what are the odds for success? *Marine Policy*, 64, 64-71.
- Villasante, S., Antelo, A., Christou, M., Fauconnet, L., Frangoudes, K., Maynou, F., Morato, T., Pita, C., Pita, P., Stergiou, K., Teixeira, C., Tserpes, G., Vassilopoulou, V. (2018) The implementation of the landing obligation in small-scale fisheries of the Southern European Union countries, In: S. Uhlman, C. Ulrich, S. Kennelly (Eds.) *The European Landing Obligation: Reducing discards in complex multi-species and multi-jurisdictional fisheries*, en prensa.
- Villasante, S., Pita, C., Pazos Guimeráns, C., Rodrigues, J., Antelo, M., Rivero Rodríguez, et al. (2016a) To land or not to land: How stakeholders perceive the zero-discard policy in European small-scale fisheries? *Marine Policy*, 71, 166-174.
- Villasante, S., Pierce, G., Pita, C., Pazos Guimeráns, C., Rodrigues, J., Antelo, M. et al. (2016b) Fishers' perceptions about the EU discards policy and its economic impact on small-scale fishers in Galicia (North West Spain). *Ecological Economics*, 130, 130-138.